

DISPÓN O:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto lei ten por obxecto establecer as liñas básicas de actuación e financiamento para a construción de novas vivendas en Alcázar de San Juan co fin de proceder ao realoxamento dos veciños do barrio «Hermanos Laguna» afectados polas inundacións do pasado mes de maio, na forma e cos requisitos que posteriormente se determinen, co fin de dispoñer dunha vivenda de calidade, construída en terreos adecuados e a salvo de riscos naturais.

Artigo 2. *Persoas con acceso á vivenda.*

Recoñéceselles o dereito de acceso preferente a unha das novas vivendas a aquelas persoas que deban ser realoxadas procedentes do grupo de vivendas «Hermanos Laguna» de Alcázar de San Juan, no mesmo réxime xurídico de ocupación con que a desfrutaban no 23 de maio de 2007.

Os requisitos e as condicións de adxudicación das vivendas aos afectados determinaranse mediante orde ministerial do Ministerio de Vivenda, de conformidade coa normativa aplicable e con suxeición aos principios de obxectividade e transparencia e atendendo a criterios relativos ao número de membros da unidade familiar, renda individual ou familiar e posible concorrencia de situacións singulares de necesidade ou dependencia.

Artigo 3. *Actuacións e financiamento.*

O Ministerio de Vivenda, directamente ou a través dos seus organismos públicos dependentes, participará no financiamento e xestión das actuacións necesarias para a construción urxente das vivendas e de todas as obras e actuacións de urbanización que foren precisas.

Artigo 4. *Réxime administrativo e de contratación.*

Aplicarase o trámite de urxencia a todas as actuacións municipais e da Administración xeral do Estado relacionadas coas obras a que se refire o artigo anterior.

Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os que sexan necesarios para a realización das actuacións referidas nesta disposición.

Artigo 5. *Convenio con outras administracións públicas.*

1. O Ministerio de Vivenda subscribirá coa Xunta de Comunidades de Castilla-La Mancha e o Concello de Alcázar de San Juan o correspondente convenio para abordar de forma inmediata as actuacións previstas no artigo 3.

2. Decláranse de utilidade pública as actuacións da Administración xeral do Estado que se prevegan no citado convenio para os efectos da ocupación dos terreos afectados por riscos naturais no barrio «Hermanos Laguna», do termo municipal de Alcázar de San Juan, para evitar futuros danos derivados deses riscos.

3. Declárase o interese social das novas vivendas que se constrúan conforme o disposto neste real decreto lei.

Artigo 6. *Créditos orzamentarios.*

Para o financiamento das actuacións establecidas neste real decreto lei, tramitaranse as modificacións orzamentarias necesarias por unha contía de 9.000.000 €, de

conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria.

Disposición adicional única. *Compatibilidade con outras axudas.*

O dereito de acceso dos particulares ás vivendas construídas en virtude das disposicións deste real decreto lei é independente e compatible coas axudas que poidan recibir por aplicación do Real decreto lei 5/2007, do 22 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 20 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14051 REAL DECRETO 599/2007, do 4 de maio, polo que se modifican o Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, polo que se regulan os fins de interese social da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o Real decreto 195/1989, do 17 de febreiro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para solicitar axudas para fins de interese social, derivadas da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas. («BOE» 174, do 21-7-2007.)

A aplicación dunha determinada porcentaxe dos ingresos orzamentarios do Estado procedentes da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas a fins de interese social tivo a súa orixe na Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988.

O Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, polo que se regulan os fins de interese social da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, incluíu, no seu artigo 2, entre a consideración doutros «fins de interese social» os programas de cooperación e voluntariado sociais desenvolvidos pola Cruz Vermella Española e outras organizacións non gobernamentais e entidades sociais sen fin de lucro, ben como os programas e proxectos realizados no campo da cooperación internacional ao desenvolvemento en prol das poboacións máis necesitadas dos países subdesenvolvidos.

Por outro lado, o Real decreto 195/1989, do 17 de febreiro, estableceu os requisitos e procedemento para solicitar axudas para fins de interese social, derivadas da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Nos últimos anos, a protección do ambiente foise convertendo nunha das políticas esenciais das democracias avanzadas. No ámbito occidental, a Unión Europea desenvolveu unha intensa actividade lexislativa que dotou de instrumentos máis eficaces os Estados membros para a conservación dos seus recursos naturais e a prevención das agresións contra estes.

Así mesmo, a protección do ambiente adquiriu un lugar sobranceiro entre as preocupacións dos cidadáns. De todos os xeitos, cómpre incrementar a información e a conscienciación social, pois só desta maneira as políticas públicas a favor do ambiente poderán alcanzar a súa maior efectividade. En harmonía con isto, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais subscribiu recentemente un acordo marco co Consello Estatal de organizacións non gobernamentais de Acción Social en que se fixan un conxunto de prioridades para a acción coordinada, entre as cales destaca a atención das necesidades de desenvolvemento ecolóxico e de protección ambiental en relación coa calidade de vida das persoas.

Por iso, resulta oportuno neste momento destinar parte dos fondos obtidos a través da recadación do imposto sobre a renda das persoas físicas a fins sociais de carácter ambiental, o mesmo que desde finais dos anos oitenta se veñen financiando actividades de cooperación e voluntariado sociais e de cooperación internacional ao desenvolvemento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Economía e Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de maio de 2007,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, polo que se regulan os fins de interese social da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, polo que se regulan os fins de interese social da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un parágrafo terceiro ao artigo 2 coa redacción seguinte:

«Igualmente, terán a consideración de fins de interese social os programas que as asociacións declaradas de utilidade pública, ben como as fundacións adscritas ao Protectorado do Ministerio de Medio Ambiente, desenvolvan en relación coa defensa do medio natural e a biodiversidade, a utilización sustentable dos recursos naturais e a prevención da contaminación e do cambio climático.»

Dous. Os números un e dous do artigo 3 quedan redactados do xeito seguinte:

«Un. Para o cumprimento dos fins anteriores consignáranse nun concepto específico dos orzamentos dos ministerios de Traballo e Asuntos Sociais (Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade), de Asuntos Exteriores e de Cooperación (Secretaría de Estado de Cooperación Internacional) e de Medio Ambiente (subsecretaría) as cantidades que correspondan para o seu financiamento.

Dous. Para a distribución dos correspondentes créditos, o Goberno, mediante real decreto ditado por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Traballo e Asuntos Sociais, e de

Medio Ambiente, establecerá os requisitos que deben cumprir as organizacións ou entidades para poderen solicitar as axudas económicas destinadas a cumprir estes fins, ben como o procedemento para a súa obtención.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 195/1989, do 17 de febreiro, polo que se establecen os requisitos e procedemento para solicitar axudas para fins de interese social, derivadas da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O Real decreto 195/1989, do 17 de febreiro, polo que se establecen os requisitos e procedemento para solicitar axudas para fins de interese social, derivadas da asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Os ministerios de Traballo e Asuntos Sociais, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e de Medio Ambiente poderán conceder, no ámbito de competencias do Estado, con cargo aos créditos consignados nos seus orzamentos de conformidade co establecido nos artigos 3 e 4 do Real decreto 825/1988, do 15 de xullo, axudas e subvencións aos programas e proxectos a que se refire o artigo 2 do citado real decreto, sempre que as entidades que os desenvolvan reúnan os requisitos previstos neste real decreto, de acordo cos procedementos establecidos nel, e de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada lei.»

Dous. Engádesse un parágrafo terceiro ao artigo 3 coa redacción seguinte:

«Igualmente, poderanse conceder axudas e subvencións para a realización de programas destinados á defensa do medio natural e a biodiversidade, a utilización sustentable dos recursos naturais e a prevención da contaminación e do cambio climático.»

Tres. O parágrafo primeiro do artigo 4 queda redactado da maneira seguinte:

«Os ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Traballo e Asuntos Sociais, e de Medio Ambiente convocarán individual ou conxuntamente, segundo os conceptos específicos en que figuren consignados os correspondentes créditos, a concesión das axudas económicas e subvencións.»

Catro. A disposición derradeira primeira queda redactada do seguinte modo:

«Facúltanse os ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Traballo e Asuntos Sociais, e de Medio Ambiente para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.»

Disposición adicional única. *Efectos económicos.*

Este real decreto terá efectos orzamentarios a partir da liquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao período impositivo de 2007, nos termos en que se prevexa no estado de gastos da Lei de orzamentos xerais do Estado do exercicio seguinte aquel en que se complete a liquidación correspondente.

Disposición transitoria única. *Entregas á conta en 2007.*

A fin de facer efectivo durante o exercicio 2007 a elevación da porcentaxe de asignación a fins sociais do 0,5239 ao 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas, que regula a disposición adicional décimo sétima da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, procederá a transferir aos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Traballo e Asuntos Sociais e de Medio Ambiente a cantidade adicional de 24 millóns de euros, que se repartirá en proporción á participación que lles corresponda no fondo establecido para o efecto.

As citadas transferencias orzamentarias terán o carácter de anticipo á conta da liquidación definitiva a que se refire a disposición adicional décimo sétima citada, procedéndose, se for o caso, aos axustes orzamentarios correspondentes nos créditos dos citados ministerios no exercicio orzamentario 2008.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

14052 *REAL DECRETO 1030/2007, do 20 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, polo que se aproba o Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión de Gases de Efecto Invernadoiro, 2008-2012. («BOE» 174, do 21-7-2007.)*

O Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión de Gases de Efecto Invernadoiro, 2008-2012 (PNA), aprobado polo Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, establece para o quinquenio 2008-2012 a cantidade total de dereitos que se prevé asignar ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Tamén establece a metodoloxía de cálculo para a asignación individual de dereitos, determina a cantidade correspondente á reserva de novos entrantes e as regras para a súa asignación.

De conformidade co artigo 9 da Directiva 2003/87, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, o Real decreto 1370/2006, do 4 de novembro, foi notificado á Comisión Europea o 30 de novembro de 2006.

A Decisión da Comisión Europea do 26 de febreiro de 2007, relativa ao Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión de Gases de Efecto Invernadoiro para 2008-2012 presentado por España, establece a súa aprobación, condicionándoa á introdución de determinadas modificacións e á remisión de información complementaria:

Un recorte do 0,28% da cantidade total de dereitos que asigna o Goberno,

Información sobre o modo en que os novos entrantes poden acceder ao mercado unha vez esgotada a reserva.

Remisión da listaxe completa de instalacións xunto coa súa asignación individualizada de dereitos.

Redución da porcentaxe de créditos procedentes de mecanismos do Protocolo de Kioto dos cales poden facer uso as empresas en función da súa asignación individualizada.

A información adicional solicitada pola Comisión Europea relativa á listaxe de instalacións seralle remitida polas canles oportunas. Para o demais cómpre acometer a reforma do PNA, en consonancia coas condicións establecidas pola Comisión Europea para a súa aprobación definitiva. Esa reforma require os seguintes cambios:

A) Modifícase o cadro que aparece no punto «2. Resumo». Este cadro resume adécase aos cambios introducidos en diversos puntos do plan, conforme o indicado nas seguintes epígrafes.

B) Modifícase o punto «3.C Número total de dereitos que se asignan. Senda de cumprimento». Con obxecto de dar cumprimento ao recorte do 0,28% -422.271 dereitos de emisión-sobre a asignación total imposto pola Comisión, axústase o valor da asignación total a instalacións existentes e, consecuentemente, o do número total de dereitos que se asignan. Estes cambios, pola súa vez, supoñen novas porcentaxes na comparación da asignación do plan fronte á do período 2005-2007 e á das emisións do ano 2005, así como no peso da reserva para novos entrantes fronte á asignación das instalacións existentes.

C) Modifícase o punto «3.E Uso previsto dos mecanismos flexibles» no que respecta á porcentaxe máxima de utilización dos créditos procedentes dos mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto -reducións certificadas de emisións (RCE) e unidades de redución de emisións (URE)-por parte das instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo.

A porcentaxe de RCE e URE, calculada sobre a súa asignación que cada titular de instalación poderá utilizar para cumprir coas súas obrigas anuais de entrega redúcese do 70% ao 42,0% para o sector de produción de enerxía eléctrica de servizo público e do 20% ao 7,9% para o resto de sectores.

Os novos entrantes poderán, en principio utilizar RCE e URE para o cumprimento das súas obrigas en función do sector a que pertencen. Non obstante, en caso de que no momento da asignación a estes novos entrantes se alcanzase ou se prevexa alcanzar o límite global de utilización de RCE e URE, a resolución de asignación individualizada poderá limitar esta posibilidade.

O Real decreto 1370/2006, que permitía a utilización do montante global de RCE e URE en calquera momento do período 2008-2012, modifícase para que os límites se apliquen anualmente, permitindo que a fracción non utilizada se acumule nas seguintes anualidades.

A finalidade destas modificacións é garantir que no conxunto do período non se supera o límite global de utilización destes créditos imposto pola Comisión.

D) Modifícase o cadro do punto «4. Repartición de dereitos por actividades» a fin de acomodalo ao recorte do 0,28% -422.271 dereitos de emisión-sobre a asignación total imposto pola Comisión. Considerouse oportuno manter o criterio xa establecido no Plan de trasladar os esforzos adicionais de redución ao sector de xeración de electricidade de servizo público, menos exposto ao comercio internacional e con maior capacidade para internalizar os custos. En consecuencia, o recorte demandado pola Comisión aplícase a este sector. Este recorte levouse a cabo sen modificar a metodoloxía de asignación prevista e aprobada pola Comisión Europea, que se basea na exixencia dun esforzo equivalente ás distintas centrais térmicas de xeración de enerxía eléctrica de servizo público a partir da aplicación de coeficientes de emisión en función da media das emisións específicas das tecnoloxías actuais. Garántese así a ausencia de discrimi-